

Quero comezar por agradecer o convite que os organizadores deste acto me fixeron para poder participar nel.

Hoxe todos os medios están a falar do 20 aniversario da caída do Muro de Berlín e eu quería comezar decindo que Ramón Cabanillas foi a antítese dun muro, foi unha ponte de unión. El foi a ponte que conseguiu xuntar a tradición literaria dos autores do “rexurdimento” galego coa modernidade do século XX. Tamén tendeu pontes entre o agrarismo e o galeguismo e, mesmo, entre o seu republicanismo anticaciquil de comezos de século e a súa sincera e fonda relixiosidade. Ramón Cabanillas foi quen unir co seu exemplo e a súa obra, sempre en defensa de Galiza, conceptos que para moita xente eran muros e atrancos insalvábeis.

Indo ao asunto que se me pediu que desenvolvese, que non é outro que tratar do Cabanillas funcionario da administración local e, sobre todo, o Cabanillas residente en Mondariz direi que, efectivamente, o poeta cambadés foi, segundo el mesmo, “subtantivamente un burócrata”. Comezou a súa carreira en Cambados en xullo de 1895, con apenas decenove anos como oficial interino de contabilidade e rematouna en 1949 no posto de secretario accidental e encargado da intervención cando sobardaba amplamente os setenta anos. Diante desta evidencia ninguén poder negar que, efectivamente, Cabanillas foi toda a vida, ademáis dun grande poeta, un “burócrata”.

Despois de dez anos no Concello de Cambados deixou o seu posto para facerse arrendatario do “imposto de consumos” e participou nunha xestoría vencellada con varios concellos da comarca do Salnés, desenvolvendo o seu traballo en Cambados, Vilagarcía e Pontevedra. O relativo fracaso daquela aventura empresarial-administrativa –xunto co seu cada vez maior enfrontamento co caciquismo local e provincial- deveu na emigración, no seu “desterro”. En Cuba o funcionario anticaciquil que só escribía crónicas satíricas e “versos de rexoubeo” convertiuse en poeta a medio de poemas saudos e versos de combate. Nacera, seguramente sen pretendelo el mesmo, o “suceros de Curros Enríquez. Moito fixo o prólogo de Basilio Álvarez ao libro *No desterro* para que esto fose así.

De volta de Cuba Cabanillas consegue o posto de secretario no Concello de Mos en 1917 e durante esta etapa, que é a da formación das Irmandades da Fala, o poeta consolida o seu prestixio literario entrando a formar parte da Academia Galega e consagrándose como autor teatral. Pero por algunha razón, aínda non suficientemente estudada e atribuída nas poucas crónicas que fan referencia ao asunto ao “caciquismo” imperante, Ramón Cabanillas perde o seu posto funcional en 1921, marchando entón a Madrid e entrando nun período de certa depresión persoal, creativa e económica.

Enrique Peinador evitou, a finais de 1923 que Cabanillas volvесе a coller a maleta de emigrante e trouxo ao cambadés a vivir, traballar e, sobre todo, escribir a Mondariz.

Sería longo de máis facer o relatorio completo de todas as actividades e traballos que Cabanillas desenvolveu nesta vila-balneario, desde despachar os billetes de “agüísta” até a dirección da publicación *La Tempora*, pero quero facer dúas referencias que nos falan de como foi a vida do poeta nestas terras: Otero Pedrayo dixo que os anos de Mondariz foron os anos máis felices e plenos da vida do noso poeta e Hermida Balado lembra a un home ocupado en labores que non lle parecían da altura do gran poeta que xa era Ramón Cabanillas pero tamén o bohemio itinerante e fasquía de bo “gastrónomo” que o noso bate lucía.

Tamén debe ser dito, relativo á cuestión “municipalista” que a pesar de que Cabanillas non traballou nese tempo como funcionario local si que deberon serlle de utilidade os seus coñecementos aos que fundaban, xusto nese tempo, o Concello de Mondariz-Balneario que agora nos acolle. Eso era até agora o que eu sabía ou intuía, pero fica plenamente demostrada a benquerencia de Cabanillas pola nova entidade local cando ollamos, nun documento recentemente exhumado do arquivo local, que Don Ramón foi concelleiro durante uns meses de 1929.

No que fai á obra abonde con dicir que Cabanillas editou en Mondariz máis que en ningún outro lugar. Da imprenta do balneario saíron *A man de Santiña*, *O bendito San Amaro*, *Na noite estrelecida*, *A rosa de cen follas* e o discurso de ingreso na Real Academia Española, que versaba sobre a vida e obra de Eduardo Pondal. Polo demáis, en Mondariz escribiu todo o relativo ás tradicións da Franqueira e ducias de poemas que daquela foron publicados no xornal *Galicia*, de Vigo, empresa digna de memoria, na que Cabanillas e Enrique Peinador participaron intensamente.

Co ingreso na RAE Cabanillas marchou a vivir a Madrid e alí botou todo o período republicano. Durante a guerra provocada pola sublevación militar encabezada por Franco Cabanillas voltou a Galiza e foi nese punto cando retomou a súa actividade funcional.

Foi Meis o primeiro concello ao que Cabanillas accede. A finais do outono do 37 toma posesión como secretario daquel concello e podía parecer que comezaba unha nova vida e unha nova etapa, pero un “expediente de depuración de responsabilidades” sufrida despois dunha denuncia polo seu pasado fixo que Cabanillas estivese dous anos empantanado no expediente. Despois Cabanillas foi vagando, unhas veces con nomeamento legal e outras en situación de relativa alegalidade, por varios concellos da provincia de Pontevedra: primeiro Silleda, despois Moaña. Quen fixo a investigación da peregrinaxe burocrática de Cabanillas, o tamén secretario de administración local don Xosé Fariña Jamardo, engade á listaxe os concellos de Redondela, Cuntis e Dozón. É posíbel que no futuro apareza algún máis.

En 1948, cando aínda facía algúns traballos para o concello de Dozón e cando pasaba dos 72 anos Cabanillas recibiu o mecenado de Álvaro Gil para que puidese volver a escribir e tamén para comezar a repousas. Xorde nese punto a

derradeira grande ponte da vida de Cabanillas, a de axudar desde un posto privilexiado á reconstrucción do labor editorial no noso idioma. Cabanillas abre o catálogo de *Bibliófilos Gallego* en 1949 e o de *Galaxia* en 1951. Foi a partir de entón e até o seu falecemento, un día como hoxe de hai cincuenta anos, o patriarca, o “mastro ergueito”, que decía Otero Pedrayo da cultura galega. Ben se olla que honrándo a Cabanillas neste cincuentenario facemos simplemente o que se debe facer. Beizóns aos organizadore do acto, que sexa feliz o alumbramento da “Declaración de Mondariz”

Luís Rei.